


EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Sandra Ropero



ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA ENTENDER NUESTRO ENTORNO. Tébar Flores, 2024.

Este libro ofrece unha selección de actividades de educación ambiental deseñadas para involucrar aos mozos/as na comprensión e apreciación do medioambiente. Divididas en tres piares ambientais clave: contorna forestal, contorna litoral e cambio climático, abarcan unha ampla gama de temas relevantes e actuais. A través de exemplos prácticos e explicacións paso a paso para espertar a conciencia ecolóxica dos lectores.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

EDUCACIÓN SOSTENIBLE. Plaza & Janés, 2023.

Para convidar aos nenos/as a que sexan os principais protagonistas dun cambio no cal nós, adultos, temos que ser os primeiros en crer e dar exemplo. Preguntémonos: «Que podo facer eu?» e, sobre todo, «Que podemos facer xuntos?» En casa, na escola, de forma individual e en grandes equipos. Pequenos xestos e accións do día a día para provocar ese cambio. Actuando, non por medo a que pasará se non o facemos senón porque coas nosas accións estaremos a respectar o lugar onde vivimos, a nosa casa.



César Bona

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santa Comba](#)

Bibliotecas Universitarias: [UVIGO](#)



COMITÉ TÉCNICO
CT-44
EDUCACIÓN
AMBIENTAL



EXPERIENCIAS EXITOSAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL Y SU IMPACTO EN EL ÁMBITO SOCIAL. EL TERRITORIO COMO LABORATORIO.

Fundación Conama, 2025.

Unha recompilación de 22 experiencias de educación ambiental realizada polo Comité Técnico de Educación Ambiental do Congreso Nacional de Medio Ambiente (CONAMA), que recollen e exemplifican o impacto social das mesmas, así como a interrelación existente entre o ámbito ambiental e o ámbito social. Para que poidan servir de referencia e inspiración á hora de poñer en marcha outras iniciativas.

Descárgao en



bit.ly/4kBRh16

EMERGENCIA CLIMÁTICA EN LA MESA. Justicia Alimentaria, 2025.

Unha programación didáctica dirixida ao segundo ciclo de educación secundaria. O seu obxectivo é vincular a crise climática co sistema alimentario. Por unha banda, preténdese analizar como o sistema alimentario e a nosa alimentación inflúen no quecemento global; por outra banda, traballárase co alumnado sobre accións concretas que se poden implementar para transitar cara a unha alimentación máis saudable, sostible e xusta.



Adoración
Monrós,
Anna
Muñoz

Descárgao en



bit.ly/3QVnMNv



Varios
Autores



ESTILOS DE VIDA 1,5°C : GUÍA PARA REDUCIR O NOSO IMPACTO CLIMÁTICO E FOMENTAR UNHA VIDA MÁIS SA E XUSTA: INFORME 6.3 DO PROXECTO EUROPEO EU 1.5º Lifestyles. GreenDependent Institute, Universidade da Coruña, 2024.

Consellos baseados na investigación actual sobre as opcións de estilo de vida que teñan baixas emisións de carbono e que eviten o aumento de máis de 1,5 °C na temperatura global, adaptadas ao contexto de España. Tamén ilustra como é a nosa pegada de carbono individual e as opcións de maior impacto climático. Ademais, a guía subliña que os cambios individuais no estilo de vida deben ir apoiados por cambios sociais e estruturais, non só é a cidadanía, a que ten que modificar o seu estilo de vida.

Descárgao en



bit.ly/4izk1sN

INVENTORAS, ACTIVISTAS Y PIONERAS POR EL MEDIO AMBIENTE: MUJERES EXTRAORDINARIAS QUE CAMBIARON EL MUNDO. Generalitat de Catalunya, 2024.

Este libro é unha invitación para coñecer as vidas e logros de doce mulleres extraordinarias nos ámbitos relacionados coa enerxía, a ecoloxía, a meteoroloxía, o medio ambiente e a sustentabilidade, entre outros. Detrás da invención do baño maría, as placas solares ou o inicio do movemento ecoloxista, existe unha muller excepcional que tivo que afrontar grandes dificultades, moitas veces, polo simple feito de ser mulleres.



Sònia M.
García
Giménez

Descárgao en



bit.ly/4ii8Kg0



Cristina
Camarena
(ed.)



DESCUBRIR AS MARAVILLAS DO MUNDO. REVISTA PANTERA, nº15. Savanna Books, 2024.

Número da revista adicado ao asombro. Máis de 60 páxinas dedicadas á infancia e á natureza, co abraio (cara aos seres vivos e o mundo natural) como eixo vertebrador: animais asombrosos, unha receita para chuparse os dedos, como facer un compás caseira, enxeñeiros de ecosistemas, ruralizar a cidade, a foca monxe, o asombroso mundo dos fungi e moito, moitísimo máis...

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

PANTHERA TIGRIS. Factoría K de Libros , 2024.

Este álbum ilustrado con estrutura narrativa de conto, inspirado nos ensinamentos do mestre bengalí contemporáneo Swami Prajnanpad, fálanos do valor da experiencia como fonte do coñecemento. Faino a través dun relato que destila unha fina ironía e un gran sentido do humor, ao mesmo tempo que informa con gran rigor sobre os tigres de Bengala.



Sylvain
Alzial,
Hélène
Rajcak

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [A Coruña](#), [Lugo](#), [Vigo](#)




Museo
Nacional de
Ciencias
Naturales
(España)



ANIMALES ASOMBROSOS. UN RECORRIDO FASCINANTE POR LA BIODIVERSIDAD. B de Blok, 2024

Con este libro de gran formato, aprenderán sobre a orixe dos museos e as primeiras investigacións científicas, a historia da vida e como chegamos a ser quen somos xunto co resto de especies que habitan o planeta Terra. Descubrirán os diferentes tipos de clima e hábitats que existen no mundo, e como se adaptan a eles os animais. Aprenderán que a biodiversidade da Terra é fascinante. Contén unha chea de curiosidades e datos que farán mirar ao redor cos ollos ben abertos.

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

EVERGREEN. Horrible Guild , cop. 2022.

Xogo de mesa de estratexia onde os xogadores crearán un ecosistema frondoso plantando brotes, facendo crecer árbores e engadindo elementos naturais para converter o seu planeta no máis verde e fértil.

Todos os compoñentes do xogo están desenvolvidos para ser o máis sostibles posible, apoiando a Trees for the Future, unha organización humanitaria e sen fins de lucro.



Hjalmar
Hach,
Wenyi
Geng

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>